

Medios

“O galego é útil para incentivar o consumo”

O titular do Parlamento de Galicia presidiu a entrega dos Premios de Publicidade 2017



MARKETING Parte dos gañadores dos XXIV Premios de Publicidade en Galego. Foto: G.

PEPE BAO
Santiago

O Parlamento de Galicia acolleu onte a entrega dos XXIV Premios de Publicidade en Galego, convocados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta, o Lexislativo galego e o Foro Enrique Peinador, logo da disolución do Consello Asesor da RTVE-G que os viñera convocando ata o de agora. Na categoría de televisión, o premio recaeu no traballo *Imposible sen ti* da axencia Tex 45 Produccións SLU, por encargo de Abanca Corporación Bancaria, SA.

O premio da categoría de radio foi para o anuncio *Medo a quedar sen datos*, da axencia Bap&Conde, para R Cable e Telecomunicacións

Galicia, SA. No apartado de internet resultou galardoado o anuncio *A tua compra, os teus temazos*, da axencia Nasas, axencia creativa de marketing on-line, elaborado por encargo de Gadisa Retail, SLU. O xurado declarou deserto o premio á categoría de prensa escrita porque o traballo presenta-

O premio do apartado de radio foi para unha campaña da firma Bap&Conde

Na categoría internet resultou galardoado un anuncio feito pola axencia Nasas

do non se axustaba ás bases da convocatoria. Cada un dos galardoados (empresa anuncianta e axencia autora do traballo) recibiron un certificado acreditativo e unha peza de cerámica de Artesanía de Galicia, creada pola artista Susana González Amado, do taller Terralume. A peza, titulada *Acerto con Acento*, é unha alegoría da publicidade.

Pola súa banda, o presidente del Parlamento de Galicia, Miguel Ángel Santalices, destacou a singularidade destes premios, “xurdidos para animar –nunca para imponer– ás empresas a dar o paso de galeguizar a publicidade e acreditar que, más aló dunha aposta voluntaria, o galego é hoxe útil para incentivar o consumo”.

Anne Igartiburu y Edu Soto, al frente de la Gala de Reyes (La 1)

TVE La presentadora Anne Igartiburu y el humorista Edu Soto estarán al frente de la Gala de Reyes en La 1 de TVE el próximo 5 de enero, un especial con actuaciones musicales, humor, Los Lunnis y magia, según ha informado RTVE. En este sentido, la Corporación pública ha explicado que, el día 5 de enero por la tarde, los niños serán los grandes protagonistas, como espectadores de la Cabalgata de

Reyes, cuyo desfile de carrozas será narrado este año por Jacob Petrus y Marta Solano. Previamente, el próximo día 22 de diciembre, tendrá lugar el Sorteo Extraordinario de la Lotería de la Navidad, que emitirá en directo La 1 y TVE Internacional (a partir de las 8.00 horas), con Sandra Daviú, Blanca Benlloch y Diego Burbano, rostros habituales de la lotería en Televisión Española. **EUROPA PRESS**

Premios SERenidade para o Museo do Pobo Galego, o grupo Breogán de investigación e o Foro da Inmigración

O centro integrado de FP Lamas de Abade e o Santiago Futsal, outros galardoados

Santiago. Os premios SERenidade chegan á súa sexta edición. Radio Galicia-Cadena SER, a emisora decana de Galicia, recoñece o papel e a contribución á sociedade de personalidades e institucións vinculadas a Galicia. Os galardóns entregaranse nunha gala que terá lugar o próximo 30 de novembro no Auditorio de Galicia.

O Museo do Pobo Galego recibe o premio porque “garda a memoria de Galicia, porque ó longo dos seus 40 anos de historia conseguiu mantela viva, un percorrido polo museo permite coñecer o máis destacado da nosa cultura, do noso pasado vincula-

do ó mar e a terra”. Radio Galicia tamén recoñece ó Grupo Breogán de Investigación, unha iniciativa que comenza a funcionar no 2010 para “dar resposta á necesidade de aunar esforzos na investigación sobre o cancro de mama”.

O coñecido Centro integrado de Formación Profesional Compostela, situado en Lamas de Abade, “polas súas aulas, pasaron ó longo de 50 anos, alumnos e alumnas de moitos puntos do Estado español xa que é un dos centros con máis sona entre os estudantes de hostelería en Galicia”.

Os premios galegos da música Martín Códax tamén van ser recoñecidos na gala

Os premios SERenidade tamén reconhecen a labor solidaria do Foro Galego da Inmigración.

No ámbito deportivo, recibe o premio o Santiago Futsal. O clube cumple quince temporadas na Primeira división do fútbol sala.

E os Premios Galegos da Música Martín Códax reciben o premio SERenidade por demostrar que “a unión entre o mundo empresarial e a cultura normalmente da bos resultados”.

A iniciativa de Músicos ao Vivo e das bodegas Martín Códax de apoiar e promocionar ós músicos galegos ven facendo emerxer a moitos rapaces novos, con talento que atopan así unha plataforma para dar a coñecer a sua música.

tendencias@elcorreoallego.es
www.elcorreoallego.es

Movistar+ estrenará en diciembre un nuevo canal dedicado al cine Disney

Y otro temporal que ofrecerá contenidos relacionados con la saga 'Star Wars'

Madrid. Movistar+, la plataforma de televisión de pago de Telefónica, estrenará el próximo mes de diciembre un canal permanente dedicado al cine de Disney, y otro temporal que ofrecerá contenidos relacionados con la saga Star Wars. Así lo han anunciado el presi-

dente de Telefónica España, Luis Miguel Gilpérez, el consejero delegado de The Walt Disney Company para España y Portugal, Simón Anselem, y el director de contenidos de Entretenimiento de Movistar+, Fernando Jerez.

En el acto de presentación de ayer del acuerdo estratégico entre ambas compañías, Fernando Jerez ha explicado que el canal Movistar Disney (disponible para los clientes que

cuenten con el paquete de cine) se estrenará el próximo 22 de diciembre, a las 16.00 horas, en el Dial 31, y estará disponible para los usuarios del paquete cine. Desde ese día, Movistar Estrenos pasará al Dial 30.

Según ha avanzado Jerez, Movistar Disney se estrenará con el primer corto de la factoría Disney de 1928 (16 h.), para después emitir, a las 16.15 h., su primer largo *Blanca Nieves y los siete enanitos* (1937). **E.PRESS**


DMAX presenta la batalla de Okinawa en color

HISTORIA El canal DMAX estrenará el 21 de noviembre *La batalla de Okinawa en color*, un especial que presenta coloreados los archivos documentales de los 82 días de “la última batalla” de la Segunda Guerra Mundial en Okinawa, Japón, registrados originalmente en blanco y negro. El especial se emitirá a las 23.30 horas. **EFE**

AUDIENCIAS

Cuotas de pantalla

16 noviembre 2017



LO MÁS VISTO EN LA WEB

- ① Fuerte incremento delictivo en Santiago frente al ‘bajón’ general
- ② Sanidade convocará 2.157 plazas al sumar la oferta pendiente de 2016
- ③ “Vivimos rodeados de jeringuillas pero aquí nadie hace absolutamente nada”
- ④ Los bomberos retiraron ayer más de once nidos de avispas velutinas
- ⑤ Fraude de hasta dos millones a la Seguridad Social al cobrar pensiones de familiares que habían fallecido
- ⑥ Tuñas, alcalde de Negreira a los cuatro meses de quedar absuelto
- ⑦ Van Van Go estrena sede en Santiago